

# Investigación e lingua

Propostas para a mellora da presenza do galego  
na actividade científica

Alba Nogueira López

XUÑO, 2013

© do texto: Alba Nogueira López

© da edición: Universidade de Vigo

Revisión lingüística: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

ISBN: 978-84-8158-631-2

D.L.: VG 133-2014

Maquetación e impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

# Índice

<b>Introdución</b> .....	5
Composición do grupo.....	5
Metodoloxía .....	5
Contido do estudo .....	6
<b>O uso do galego na difusión da investigación</b> .....	7
1. A regulación da actividade académica como condicionante dos usos lingüísticos .....	7
2. A acreditación do profesorado para o acceso ás categorías de PDI.....	9
a) A acreditación do PDI funcionario .....	9
b) A acreditación do PDI laboral .....	10
3. Os complementos retributivos e a valoración de méritos lingüísticos ....	13
a) Os complementos autonómicos .....	13
b) Os complementos retributivos de fixación estatal .....	15
4. A indexación internacional como parámetro das avaliacións da investigación: problemas para a ciencia feita en linguas distintas do inglés. A dobre penalización para as linguas minorizadas .....	19
5. O PDI das universidades galegas que usan o galego na actividade docente: percepcións sobre o uso na actividade investigadora .....	25
6. O uso do galego noutras actividades de investigación .....	29
a) O idioma das teses de doutoramento .....	29
<b>Un camiño andado: as experiencias en Euskadi e en Catalunya</b> ....	31
1. Catalunya .....	31
a) Acreditación e incentivos retributivos do profesorado .....	31
b) O impulso da lingua na actividade investigadora e de divulgación científico-técnica.....	34



2. Euskadi .....	37
a) Profesorado: acceso e promoción e complementos retributivos .....	37
b) Outras medidas de impulso no ámbito da investigación.....	40
<b>Conclusiones .....</b>	<b>41</b>
Propostas de actuación en relación coa avaliación da ciencia .....	44
Propostas de actuación noutros ámbitos conexos .....	45
1. A docencia como porta da investigación .....	45
2. O impulso das publicacións científicas e da valoración na investigación .....	47
3. A actividade de divulgación científica á sociedade .....	48
4. O uso do galego na transferencia de coñecemento .....	49
Accións institucionais propostas.....	51
Xunta de Galicia .....	51
Universidades .....	51

# Introdución

## Composición do grupo

A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística promoveu a realización dun estudo coa finalidade de avaliar a presenza do galego na actividade investigadora e propoñer medidas de mellora. Este estudo foi realizado por un equipo dirixido por Alba Nogueira López, profesora titular de Dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e apoiada por Frank Fischer e Lucía Meixús Tourís. Tamén se contou coa colaboración das persoas especialistas en dereito lingüístico Iñigo Urrutia Libarona, profesor de Dereito administrativo e secretario do Campus de Bizkaia da Euskal Herriko Unibertsitateko (Universidade de Euskadi [UPV-EHU]), e Eva Pons Parera, profesora titular de Dereito constitucional da Universitat de Barcelona.

5

## Metodoloxía

Neste estudo combinouse a análise da bibliografía cos datos existentes da enquisa realizada polo profesorado que usa habitualmente o galego na actividade docente. O cuestionario realizouse tendo en conta os datos dispoñibles nos servizos de normalización lingüística de docentes que usan o galego nas aulas para comprender as dificultades que estes perciben na actividade investigadora. Acoutouse o profesorado que usa o galego na docencia pola imposibilidade de realizarlle unha enquisa global e fiable a todo o persoal docente e investigador (PDI) das tres universidades galegas. Igualmente pola constatación de que mesmo pese ás baixas cifras de uso do galego na docencia, parece claro que a parte do profesorado que non o usa no ámbito docente dificilmente vai facer un uso na actividade investigadora que presenta máis problemas para isto pola súa proxección internacional. Tamén se enviou un cuestionario a senllos expertos de Euskadi e de Catalunya co fin de contrastar as políticas desenvolvidas.




## Contido do estudo

No exame do uso da lingua na investigación cómpre diferenciar o ámbito da actividade de difusión científica en círculos académicos da actividade de divulgación científica ao conxunto da sociedade, xa que as accións que se van realizar son diferentes en cada un deles.

En relación co uso das distintas linguas na actividade investigadora é preciso ter en conta distintos factores. En primeiro termo, e de xeito central, que os vínculos científicos dentro da comunidade científica se establecen fundamentalmente a través da presentación dos resultados de investigación en publicacións científicas. En segundo lugar, que un elemento que incide na forma de programar a actividade investigadora é a carreira profesional. Isto é, a necesidade de acompañar a realización da ocupación docente e investigadora coas esixencias necesarias para ir cumprindo os obxectivos fixados en materia de acreditación do profesorado universitario e, indirectamente, de consecución de complementos salariais ligados á actividade docente e investigadora.

A avaliación da actividade investigadora, tanto para os efectos de promoción profesional como retributivos, nace inicialmente no Estado español como un procedemento ligado á percepción dun complemento de produtividade para o profesorado funcionario. Mais progresivamente vai gañando terreo ao se converter ese complemento retributivo nun requisito para formar parte na maior parte das instancias decisorias na vida académica (comisións de prazas, tribunais de premios, probas académicas...) e agora para acceder ás distintas categorías de profesorado (acreditacións).

A importancia tanto da docencia como da divulgación científica para difundir o coñecemento científico e a terminoloxía a sectores máis amplos da poboación tamén é chave para normalizar o uso do galego en todo tipo de rexistros e, nomeadamente, nos que teñen unha valoración social de prestixio.



# O uso do galego na difusión da investigación


## 1. A regulación da actividade académica como condicionante dos usos lingüísticos

O artigo 1 da Lei orgánica de universidades (LOU) establece que son funcións da universidade a investigación, a docencia e o estudo ao servizo da sociedade. Unha sociedade entendida, sen dúbida, como a contorna inmediata da universidade e á que a natureza de servizo público da educación superior obriga a prestar non só formación senón tamén resultados da investigación. O esforzo cada vez maior de transferencia de coñecemento que realizan as universidades ten como destinatario primeiro tamén o tecido social e produtivo próximo.

Porén, estas obrigas de servizo público das universidades poden quedar preteridas por unha concepción da ciencia que esquece os seus efectos na mellora do coñecemento da súa contorna inmediata. Hoxe en día a globalización está presente no ámbito das institucións de educación superior, a investigación e o sistema de publicacións científicas, e a convivencia entre o estudo dos problemas universais e as necesidades de avance do coñecemento máis próximas debería acadar un equilibrio a través das políticas científicas.

Neste sentido probablemente nas ciencias experimentais é máis complicado apreciar unha disociación entre investigación global/local, pero nas ciencias sociais e humanas pode ser máis evidente a clara diferenza entre a investigación aplicada-local e a investigación con repercusión global.

A cuestión lingüística ten tamén conexión con estas circunstancias, xa que o tipo de investigación que se realiza –dentro das enunciadas anteriormente– ten moito que ver coa elección lingüística do persoal investigador. Unha opción por unha investigación menos ligada á contorna inmediata tende a ir acompañada do uso de linguas «internacionais» (nomeadamente o inglés) ao buscar unha difusión nunha comunidade científica máis distante e difusa; a investigación ao servizo do ámbito máis inmediato con máis probabilidade fará unha escolla das linguas propias.



Nesta liña de reflexión debemos achegarnos aos criterios con base nos que se realiza a avaliación da actividade investigadora tanto para os efectos de acceso ás diversas categorías de PDI (acreditacións) como de avaliación de méritos con efectos retributivos. Cada vez máis, estes criterios elabóranse sen conexión coa función social e de servizo público da universidade. Poden constatarse como os criterios utilizados tradicionalmente como indicadores de bos resultados académicos nas áreas de coñecemento de ciencias experimentais que progresivamente se consolidaron e estenderon a outras áreas de coñecemento (publicacións en revistas que figuren nalgún dos *citation index* de matriz anglosaxoa, obtención de patentes, impacto internacional dos traballos etc.). Non se discute aquí o valor complementario que poidan ter estes criterios para medir os resultados da investigación en distintas áreas de coñecemento, pero si a súa aplicación exclúinte doutros indicadores que poidan recoñecer con semellante fidelidade a calidade da investigación realizada e, sobre todo, valorar con máis exactitude a contribución á sociedade da investigación feita cunha metodoloxía e cuns resultados igualmente rigorosos, mais cun alcance local rexional no seu obxecto de investigación. Todo iso sen entrar nas críticas sobre a formulación esencialmente cuantitativa e non cualitativa deses indicadores e/ou prácticas pouco compatibles cunha concepción da ciencia aberta e cooperativa.<sup>1</sup>

Nesta dinámica, incluso o castelán xoga en desvantaxe fronte á preponderancia absoluta do inglés. Se se bota unha ollada ás revistas incluídas nos *citation index*, tanto de ciencias experimentais como de ciencias sociais, poderase comprobar que apenas é posible atopar nesas listaxes revistas noutras linguas que non sexa o inglés. Estas listaxes –ás que os criterios de avaliación da investigación se remiten– levan a que revistas «locais» con investigación claramente local de base anglosaxoa sexan os parámetros da actividade científica que permiten discriminar como investigación non válida a que se fai aquí sobre temas tamén locais pero non anglosaxóns ou en linguas propias. En definitiva, a investigación local norteamericana circula como se fose universal, pero o proceso inverso é penalizado en termos de avaliación da actividade investigadora.

---

<sup>1</sup> Recentemente coñeceuse, por exemplo, que a Unión Europea (UE) esixirá o acceso libre a producións científicas financiadas con fondos europeos.



Este traballo quere afondar nos criterios utilizados para conceder ese recoñecemento da actividade investigadora e valorar se se respectan os dereitos lingüísticos das persoas solicitantes. A competencia estatal sobre o profesorado funcionario e, por tanto, sobre a fixación de criterios e a concesión destes complementos favorece que non se considere de ningún xeito a lingua en que se investiga. A aparente neutralidade desde o punto de vista lingüístico dos criterios que rexen a avaliación investigadora poden, non obstante, agochar supostos de desigualdade lingüística. Para iso é preciso facer un estudo tanto dos datos numéricos dos resultados das avaliacións como dos criterios aplicados e ver en que medida estes contribúen ou desincentivan o uso das linguas propias distintas do castelán na actividade investigadora. Esta cuestión, ao noso xuízo, está enmarcada nunha máis ampla que é a da produción científica como un elemento de fortalecemento ou de enfeblecemento do sistema cultural e social propio.


## 2. A acreditación do profesorado para o acceso ás categorías de PDI

9

Para acceder ao sistema universitario, xa for a través dunha relación contractual ou adquirindo a condición de funcionario ou funcionaria, requírese unha avaliación previa dos perfís das persoas solicitantes. Os criterios elixidos determinan o perfil de docente que se busca para o sistema universitario e condicionan a futura docencia que recibirá o alumnado. A carreira académica, o *cursus honorum*, está en boa medida condicionado polos criterios de acreditación establecidos que encamiñan a construción dos currículos do persoal investigador que contará cos ítems que son valorados nestas avaliacións.

### a) A acreditación do PDI funcionario

O Programa de acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios avalía o perfil das persoas solicitantes para acceder aos corpos de funcionariado docente universitario. Os requisitos para a acreditación veñen recollidos no Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro. O artigo 12 recolle que para acceder á categoría de profesor ou profesora titular de universidade resulta necesario, ademais do requisito ordinario de posuír o título de doutor ou doutora, unha valoración dos méritos de carácter académico, profesional, docente e investigador, e de xestión académica e científica, que



se valorarán de acordo cos criterios que figuran no anexo. Engade o artigo 13 que, con carácter xeral, «os profesores ou profesoras titulares de universidade poderán optar á acreditación para catedrático ou catedrática de universidade mediante a presentación dunha solicitude á que acompañarán a xustificación dos méritos que aduzan de carácter académico, profesional, docente e investigador e de xestión académica e científica, que se valorarán de acordo cos criterios que figuran no anexo».

Se acudimos ao devandito anexo que recolle os distintos criterios de avaliación que se van ter en conta, obsérvase que fai referencia a criterios tales como a calidade e a difusión da actividade investigadora, o número de proxectos, a mobilidade do profesorado etc. Non existe unha referencia ao uso dos idiomas cooficiais como criterio de avaliación, nin sequera a través dos apartados de «outros méritos» docentes, de innovación docente ou investigadores.

### ***b) A acreditación do PDI laboral***

A avaliación para acreditar o PDI laboral pode solicitarse alternativamente ante a Axencia Nacional de Avaliación e Acreditación (ANECA) e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). No marco do Programa estatal de avaliación do profesorado para a contratación avalíanse as actividades docentes e investigadoras, e a formación académica das persoas solicitantes co fin de acceder ás figuras de docente universitario contratado. Para estes efectos resulta necesario ter en conta a Resolución do 18 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Universidades (BOE do 4 de marzo), pola que se modifican determinados aspectos do procedemento de presentación de solicitudes e os criterios de avaliación establecidos na Resolución do 17 de outubro de 2002 e do 24 de xuño de 2003. O Real decreto 989/2008, do 13 de xuño, establece os criterios de avaliación da figura de profesor ou profesora colaborador e a Resolución, do 7 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Universidades, determina o procedemento de presentación de solicitudes.

Os criterios xerais de avaliación que se deben de reunir para obter a avaliación positiva encóntranse no anexo IV da Resolución da Dirección Xeral de Universidades do 18 de febreiro de 2005. Unha parte dos criterios de

avaliación son comúns para todas as áreas de coñecemento e para as diferentes figuras contractuais. Outra parte dos criterios son específicos para grupos concretos de áreas de coñecemento e veñen reflectidos no documento denominado «Principios e orientacións para a aplicación dos criterios de avaliación». Os criterios de avaliación limitan a determinación da calidade da actividade investigadora á amplitude da difusión obtida, establecida por referencia unicamente a sistemas de indexación internacional.

Véxase, a modo de exemplo, o campo de humanidades:


Valóranse preferentemente os artigos publicados en revistas de carácter internacional, cuxa inclusión nas seguintes bases de datos se considera como unha referencia de calidade: por exemplo, Francis, International Bibliography of the Social Sciences, Arts and Humanities Citation Index, Social Science Citation Index, Bibliography of the History of Arts (RLG), Historical Abstracts, International Medieval Bibliography, Index Islamicus, RILMS Abstracts of Music Literature, Philosopher's Index, Répertoire Bibliographique, International Bibliography of Periodical Literature in Humanities and Social Sciences (IBZ), Bibliographie Linguistique/Linguistic Bibliography (BL), Library and Information Science Abstracts.

Neste campo tamén se utiliza como referencia de calidade para as publicacións españolas a base de datos DICE: Difusión e Calidade Editorial das Revistas Españolas de Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas. Esta base de datos pode consultarse a través da páxina web <http://dice.cindoc.csic.es/>.

11

No caso de revistas non incluídas nestas bases de datos, considéranse como indicios de calidade a existencia de avaliación externa por pares; dispor dun comité científico internacional; a publicación dunha porcentaxe elevada de artigos cuxas autorías non manteñan vinculación directa coa revista a través do consello de redacción ou da institución editora; a súa periodicidade e unha antigüidade superior a tres anos; que conteñan exclusivamente traballos de investigación; aparecer salientada nos repertorios e boletíns bibliográficos máis vinculados á súa especialidade; publicar traballos en máis dunha lingua.

Entre os demais criterios, comúns ou específicos, non se encontran referencias ao uso do idioma cooficial, sexa en docencia ou en investigación, como un criterio para ter en conta no procedemento de acreditación.



Polo que respecta á ACSUG, conforme o artigo 9 do Acordo da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), do 9 de novembro de 2010, polo que se aproba o protocolo de avaliación e o informe para contratar profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia, valoraranse «os méritos individuais alegados polos solicitantes en función da calidade científica, académica e profesional daqueles, e tendo en conta os rangos do baremo establecido non anexo II». O citado anexo non menciona expresamente como avaliable o uso do galego, existe unicamente a posibilidade de introduci-lo a través dos apartados «Outros méritos de investigación» e «Outros méritos docentes» sen que se explicita a posibilidade de valoralo na avaliación.

### **3. Os complementos retributivos e a valoración de méritos lingüísticos**

Os complementos salariais son complementos retributivos adicionais e individuais do profesorado e o seu obxectivo consiste en fomentar a calidade do sistema universitario a través dos méritos individuais do profesorado. Mellorando o perfil do profesorado e aumentando os criterios esixidos, mellórase a calidade do sistema como un conxunto.

#### ***a) Os complementos autonómicos***

Comezando polo sistema galego de retribucións adicionais do profesorado, que vén regulado polo Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais, modificado polo Decreto 326/2009, do 11 de xuño, o órgano autonómico encargado de valorar os criterios e os méritos de valoración é a CGIACA. Esta comisión é un órgano superior de avaliación da (ACSUG que realiza as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación que teña atribuídas a ACSUG. As devanditas funcións realízaas seguindo o protocolo de avaliación establecido pola Orde do 16 de abril de 2004 e modificado pola Orde do 11 de abril de 2006.


Este decreto establece catro tipos de complementos: o complemento de recoñecemento do labor docente, o complemento de recoñecemento do labor investigador, o complemento de recoñecemento á excelencia curri-

cular docente e investigadora, e o complemento de recoñecemento polos cargos de xestión.

A Orde do 16 de abril de 2004 considera no seu artigo 2 o complemento de recoñecemento ao labor docente. No referente aos criterios e aos méritos de valoración, que é o que aquí nos interesa, refírese a tres criterios: a formación académica, a experiencia e a mobilidade. Por formación académica e complementaria enténdese que «proporciona a titulación ou titulacións universitarias dos que sexa posuidor ou profesor universitario. Valorarase, se é o caso, a obtención de máis dunha titulación universitaria». Enténdese por experiencia docente «o conxunto de actividades desenvolvidas polo solicitante durante a súa carreira profesional no campo da docencia» e finalmente establécese que a mobilidade é o «desenvolvemento de actividades de ámbito universitario realizadas fóra do centro de traballo no campo da docencia». Da Orde do 16 de abril de 2004 resulta que non se valoran méritos relacionados co uso do galego na docencia para os efectos deste complemento retributivo adicional.

Exactamente o mesmo sucede co complemento de recoñecemento ao labor investigador. A Orde do 16 de abril de 2004 establece que se valorará a experiencia investigadora e a mobilidade. Entendemos por experiencia investigadora «o conxunto de actividades desenvolvidas polo solicitante durante a súa carreira profesional no campo da investigación» e constamos a mobilidade en «o desenvolvemento ou participación en investigacións realizadas fóra do centro de traballo». Unha vez máis non se ten en conta o uso da nosa lingua.

Cambian as cousas no complemento de recoñecemento á excelencia curricular. Debemos acudir á Orde do 16 de outubro de 2006 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA, relativo aos criterios e aos méritos de valoración e os procedementos para solicitar a valoración previa e a asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión. No artigo 5 faise unha distinción entre dúas modalidades de valoración: a básica e a adicional. A valoración básica refírese aos quinquenios docentes e aos sexenios de investigación recoñecidos. A valoración adicional refírese na docencia a «méritos relativos á formación, innovación e xestión docente, tendo en conta a especificidade de cada campo científico e a docencia impartida,



de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA». Na investigación e transferencia de coñecemento valorárase «a experiencia investigadora, a mobilidade, a transferencia e a divulgación de coñecemento, tendo en conta a especificidade de cada campo científico e de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA».

Se acudimos á guía da persoa solicitante, que desenvolve os criterios e os méritos aprobados para a correspondente convocatoria pola CGIACA, e publicados como anexo nela, vemos que si existen referencias ao uso do galego na docencia. Ao tomar como referencia a convocatoria de 2012, observamos no anexo a motivación para aprobar estes criterios lingüísticos:

«Tendo como base o Estatuto de autonomía de Galicia, o Plan xeral de normalización da lingua galega e os estatutos das universidades, e considerando o interese que para o sistema universitario de Galicia ten a realización das actividades encamiñadas a potenciar o uso do galego nos distintos campos, incorpóranse apartados específicos que permiten valorar estas actividades. Para estes efectos, cando algún dos seis méritos achegados se inclúa nesta categoría, a valoración destes méritos efectuarase cos mesmos indicios de calidade intrínseca do mérito e a mesma puntuación, non polo feito exclusivo da utilización da lingua galega».

Neste sentido vemos que para a convocatoria de 2012 se valoraron como méritos relacionados co galego na docencia, en primeiro lugar, a participación en comisións de normalización lingüística e, en segundo lugar, actividades que fomenten o uso do galego na docencia universitaria. Dentro deste segundo grupo, poderase incluír calquera dos méritos recoñecidos, sempre que se efectuasen en lingua galega ou tivesen como finalidade a potenciación dos seus usos na docencia. Inclúense entre outros méritos a «elaboración de materiais para a docencia en lingua galega, a elaboración de traballos terminolóxicos en que figure a lingua galega, a dirección e participación en cursos non regulados en lingua galega, asistencia a cursos de formación para a aplicación da lingua galega no ámbito universitario etc.». As achegas na área de filoloxía galega están excluídas destas valoracións, xa que forman parte do normal desenvolvemento da súa actividade docente.

Os méritos relacionados co galego na investigación refírense unicamente a actividades dos tipos anteriores que se efectúan na lingua galega ou que fomentan o uso do galego na investigación. Teranse en conta «a organización de eventos científicos en lingua galega, a realización de teses de dou-

toramento e outros traballos de investigación en galego etc.». Exclúiranse destas valoracións as achegas na área de filoloxía galega que forman parte do normal desenvolvemento da actividade investigadora desta.


No ámbito da actividade de transferencia e divulgación de coñecemento os méritos relacionados co galego refírense, así mesmo, a actividades que fomentan o uso do galego na transferencia e na divulgación do coñecemento. Teranse en conta a realización de «acordos editoriais en galego, acordos con empresas para implantar ou realizar actividades en lingua galega, a divulgación do coñecemento na lingua galega etc.». Estarán, unha vez máis, excluídas destas valoracións as achegas na área de filoloxía galega que forman parte do normal desenvolvemento da súa actividade.

Na Resolución do 1 de outubro de 2012, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular, determina nos seus anexos 1 e 2 a puntuación máxima posible para estes apartados. Así establece o anexo 1 no seu punto 8 para as actividades que fomenten o uso do galego na docencia universitaria que: «Tendo en conta que neste punto se poderán presentar méritos de diferentes tipos (correspondentes a calquera dos puntos anteriores), o valor máximo será o que lle corresponda ao tipo de mérito alegado». O anexo 2 no punto 1.6 recolle as actividades que promoven o uso do galego na investigación e o punto 2.10 as actividades que fomentan o uso do galego na transferencia e na divulgación do coñecemento establecendo o mesmo mecanismo que no caso anterior. É dicir, a súa valoración farase de acordo cos indicios de calidade e non polo uso exclusivo do uso da lingua galega.

No que respecta ao cuarto complemento, o complemento de recoñecemento polos cargos de xestión, cuxa contía vén establecida pola Orde do 22 de outubro de 2007 e cuxo protocolo de avaliación elaborado vén recollido na Orde do 16 de outubro de 2006, funciona establecendo unha retribución en función do cargo de xestión desempeñado. Pola súa propia natureza exclúe a valoración do galego para a súa determinación.

### ***b) Os complementos retributivos de fixación estatal***

A Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora leva a cabo a avaliación da actividade investigadora do profesorado universitario e do



persoal das escalas científicas do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), e pódelles recoñecer un complemento de produtividade. A avaliación dos sexenios realízase anualmente e, para obter o complemento de produtividade, o persoal investigador someterá a avaliación os traballos científicos realizados durante un período non inferior a seis anos. É a Orde CIN/2657/2008, do 18 de setembro, a que regula o procedemento administrativo para avaliar a actividade investigadora do persoal investigador en formación.

Como se sinalaba na Resolución do 25 de outubro de 2005, é importante determinar as condicións formais que se deben reunir nun medio de difusión para que se poida esperar un impacto aceptable das publicacións realizadas a través destes. Nos distintos ámbitos existen índices de recoñecido prestixio e aparecer nun deles é suficiente garantía de calidade. Máis complicado resulta determinar cando existe unha garantía de calidade nun medio de difusión que non aparece en índices internacionais. Nestes casos existe a posibilidade para as autoras ou os autores de comunicarlle á comisión avaliadora as citas e os recoñecementos independentes que tiveron ata ese momento as súas respectivas publicacións.

Para a convocatoria do ano 2012, a Resolución do 29 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, fixa o procedemento e o prazo de presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora. Os criterios de avaliación encóntranse no artigo 7 da Resolución da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, do 5 de decembro de 1994, que establece que:

«Na avaliación observaranse os seguintes principios xerais: a) Valorarase a contribución ao progreso do coñecemento, a innovación e creatividade das achegas (...) b) Primaranse os traballos formalmente científicos ou innovadores fronte aos simplemente descritivos (...) 4. Na análise de cada achega presentada no currículo abreviado teranse tamén en conta os "indicios de calidade" que alegue o solicitante, que poderán consistir en: relevancia científica do medio de difusión en que se publicase cada achega. Nas disciplinas en que existan criterios internacionais de calidade das publicacións estes serán referencia inescusable. Referencias que outros autores lle realicen, en traballos publicados, á obra do solicitante, que sexan indicativas da importancia da achega ou do seu impacto na área. Apreciación, expresada sucintamente, do propio interesado sobre a contribución da súa obra ao progreso do coñecemento, así como do



interese e creatividade da achega. Datos sobre a explotación de patentes ou modelos de utilidade. Recensións en revistas especializadas».

Estes criterios xerais complementáanse cos criterios específicos establecidos, para cada un dos campos de avaliación, na Resolución do 19 de novembro de 2012, da presidencia da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora. Na práctica totalidade dos campos ligados ás ciencias os criterios son iguais con referencia exclusiva ao Science Citation Index (SCI)

«Valoraranse preferentemente as achegas que sexan artigos en revistas de recoñecida valía, aceptándose como tales as que ocupen posicións relevantes nas listaxes por ámbitos científicos no "Subject Category Listing" do *Journal Citation Reports* (Science Citation Index) do Web of Knowledge (WoK). As revistas electrónicas consideraranse cando aparecen nas listaxes do WoK».

Tan só se aprecian diferenzas nalgúns campos de avaliación. Así no de ciencias da natureza en que se engade unha mención: «Para as áreas en que ningún dos ámbitos do Science Citation Index se adecuara de forma precisa, o comité asesor poderá elaborar unha listaxe ad hoc segundo o índice de impacto das revistas da citada base de datos».


No de enxeñaría e arquitectura: «Teranse en conta tamén os artigos publicados en revistas recollidas en bases de datos internacionais de enxeñaría (como, por exemplo, *International Development Abstracts*, *International Civil Engineering Abstracts*, *Environmental Abstracts*, *Applied Mechanic Reviews*)».

Tamén, respectivamente, nos de ciencias sociais, políticas, do comportamento e da educación, de ciencias económicas e empresariais e no de filosofía, filoloxía e lingüística:

Poderán considerarse tamén os artigos publicados en revistas que ocupan posicións relevantes nas listaxes de Scopus, en revistas listadas noutras bases de datos nacionais ou internacionais (por exemplo, ERIH, INRECS, DICE-CINDOC etc.) ou as revistas acreditadas pola FECYT, sempre que, a xuízo do comité asesor, contén cunha calidade científica similar ás incluídas nos índices mencionados e que satisfagan os criterios que se especifican no apéndice I desta resolución.

O campo de historia e expresión artística tamén inclúe singularidades:

Na valoración dos artigos atenderase ao medio de difusión empregado, aceptándose como indicio de calidade a publicación en revistas de recoñecida valía. A inclusión das revistas en bases de datos internacionais



considerarase como unha referencia de calidade (por exemplo, Francis, International Bibliography of the Social Sciences [IBSS], Journal Citation Reports [Arts and Humanities Citation Index], Journal Citation Reports [Social Science Citation Index], Bibliography of the History of Arts [RLG], Historical Abstracts, International Medieval Bibliography, RILMS Abstracts of Music Literature etc.). En todo caso, os artigos deberán estar publicados en revistas que cumpran os criterios que se especifican no apéndice I desta resolución. Poderán considerarse tamén os artigos publicados en revistas listadas en Scopus, noutras bases de datos nacionais ou internacionais (por exemplo, ERIH, IN-RECS, DICE-CINDOC etc.) ou as revistas acreditadas pola FECYT, sempre que, a xuízo do comité asesor, contengan unha calidade científica similar ás incluídas nos índices mencionados e que satisfagan os criterios que se especifican no citado apéndice I. As revistas electrónicas estarán suxeitas aos mesmos criterios que as demais.

Mais son os do campo de dereito e xurisprudencia os que se apartan en maior medida da referencia a indexacións internacionais valorando a calidade dos traballos por criterios de prestixio das publicacións, pero sen circunscribilas ao ámbito ou repercusión internacional:

- Na valoración dos traballos atenderase ao medio de difusión empregado, aceptándose como indicio de calidade a publicación en revistas e editoriais de recoñecido prestixio.
- Os libros e capítulos de libros consideraranse segundo a súa calidade avalada polas citas, se as houberse, e a súa inclusión en bibliografías independentes do autor e do seu contorno. Deberán reflectir claramente que son froito da investigación ou da reflexión documentada.
- Valorarase como indicio de calidade a publicación en revistas españolas ou estranxeiras recoñecidas, que preferentemente deberán cumprir os criterios que se especifican no apéndice I desta resolución. As revistas electrónicas estarán suxeitas aos mesmos criterios que as demais.
- Valorarase como indicio de calidade a tradución da propia obra a outros idiomas de relevancia para a comunidade científica internacional e as recensións en revistas científicas especializadas.

A lóxica propia das ciencias experimentais e exactas e os criterios de avaliación nacidos neste ámbito estendéronse de forma xeneralizada a outros ámbitos do coñecemento ao aparecer só de xeito complementario algúns outros indicadores alternativos, polo que cómpre analizar os efectos que


estes sistemas internacionais de indexación teñen sobre as decisións tanto das persoas investigadoras como das responsables institucionais.

#### 4. A indexación internacional como parámetro das avaliacións da investigación: problemas para a ciencia feita en linguas distintas do inglés. A dobre penalización para as linguas minorizadas

A valoración dos sexenios de investigación por ser o ámbito en que a avaliación da investigación comezou a facerse con anterioridade permite dispor dalgúns datos (ex. os propios informes que publica a Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora [CENAI] cunha certo atraso) sobre os resultados por áreas de coñecemento e, tamén, estudos sobre o impacto dos criterios. Dificulta enormemente a avaliación de actividades de investigación en publicacións que non formen parte dos índices internacionais bibliométricos de natureza practicamente exclusiva anglosaxoa.

Se collemos os resultados das avaliacións da CENAI poderemos apreciar que existen diferenzas considerables entre os distintos campos de coñecemento no grao de éxito/fracaso nos sexenios.<sup>2</sup>


19



Porcentaxe de profesores que non solicitaron ningunha avaliación (NP) e que obtiveron seis, cinco, catro, tres, dous, un ou ningún sexenio, por Supercampus.

Os supercampus 1 e 2 (química, matemáticas e física/bioloxía celular e molecular, ciencias biomédicas e ciencias da natureza), os máis ligados ás ciencias experimentais, teñen un número significativamente menor de profesorado que non se presentou nunca á avaliación da actividade investigadora que, o que se presentou e non conseguiu ningún éxito, e especialmente a

<sup>2</sup> O Informe sobre el resultado de las evaluaciones de la CENAI. La situación en 2009, publicado polo ministerio, indica a distribución por áreas e por universidades.



partir do segundo sexenio ten unhas taxas de éxito que case dobran as dos outros tres supercampos.

Pola contra os supercampos 3, 4 e 5 (enxeñaría e arquitectura/ciencias económicas e empresariais, dereito, xeografía/ciencias sociais, historia, filosofía, filoloxía e lingüística) presentan unha dinámica oposta: maior número de non presentados, de fracaso e non obtención de ningún sexenio e moito menor taxa de éxito, especialmente, a partir do segundo sexenio en diante. Son estas tamén as áreas onde a falta de representatividade dos sistemas de indexación internacional fan que aparezan algunhas pequenas matizacións que se complementan con outros sistemas de avaliación da calidade. Son áreas tamén de ciencias sociais e humanidades en que a investigación científica está máis ligada ao contorno inmediato e en que, por tanto, as distorsións da avaliación que intente encaixalas nuns criterios de base anglosaxoa non só lingüisticamente senón tamén polas materias obxecto de estudo pode producir uns maiores nesgos.

Os estudos advirten sobre as diferenzas que provoca a aplicación uniforme de criterios concibidos para as ciencias experimentais e exactas a outras áreas. Son habituais entre as persoas expertas en análise bibliométrica da ciencia estudos en que sinalan estes problemas:

The evaluation procedure established by the CNEAI appears to have been most suitable for research in Exact and Experimental Sciences, in which high success rates are obtained, that is, around 90% of the evaluations were positive in 1999. However, the evaluation process seems to be less adequate for researchers in Economics and Social Sciences, in which the positively-evaluated applications are around 60%. The local nature of research in these areas and the lack of international contacts are some of the reasons suggested for the low success rate. Moreover, the lack of cognitive consensus that frequently exists in these disciplines might make the peer review process more complex, more subjective, and less reliable. Finally, scientists from other locally-oriented disciplines, such as geology, also consider that the evaluation criteria set by the CNEAI are not adequate for them, since they give priority to internationally-oriented topics and underestimate the relevance of others, just because of their local interest.<sup>3</sup>

---

<sup>3</sup> María Bordons e Isabel Gómez (2004): «Towards a single language in science? A Spanish view», *Serials*, 17 (2) [en liña]. Dispoñible en: <http://www.adawis.de/admin/upload/navigation/data/English%20as%20a%20single%20language%20of%20Science%20-%20A%20Spanish%20view.pdf>.

O uso destes indicadores non está en absoluto desvinculado da cuestión lingüística. En apenas cincuenta anos o SCI provocou un cambio no rexistro lingüístico das revistas moi fondo. Barraclough sinalou que entre os anos 1965 e 1988 a presenza do inglés pasou dun 50 % ao 64 % en química, do 75 % ao 85 % en bioloxía e do 55 % ao 82 % nas matemáticas.<sup>4</sup>

Estudios bibliométricos sobre a incidencia da lingua nos resultados da valoración das publicacións mostran que mesmo sistemas científicos fortes (Alemaña, Francia) que manteñen un número de publicacións significativas nas súas propias linguas vense penalizados polos mecanismos de indexación internacional de raíz anglosaxoa e que a exclusión destes índices para valorar a súa actividade científica fai converxer os resultados. Por ese motivo apúntase á necesidade de ter en conta os problemas de infrarrepresentación lingüística nos índices internacionais comunmente aceptados e, tamén, a presenza neses mesmos índices de revistas polo simple feito de ser de fala inglesa de natureza eminentemente local.<sup>5</sup>

O impacto das decisións de política científica en relación co uso monolítico dos criterios internacionais de indexación para darlle visibilidade internacional á actividade científica tamén ten incidencia na supervivencia dun sistema propio de publicacións que lle poida dar soporte á investigación de carácter máis local, polo que se avoga pola existencia de criterios de avaliación propios: «However, it can make survival of national journals difficult. National journals play an important role in the more local topics and they provide support and structure to the national science systems. Criteria followed in research evaluation should consider both national and international publications».<sup>6</sup>


---

Sobre a inadaptación dos criterios de avaliación véxase tamén J. Rey-Rocha, M. J. Martín-Sempere e F. López Vera (1999): «¿Es adecuado el sistema de evaluación de la actividad investigadora para su aplicación a las ciencias de la tierra y otros campos afines?», *Estudios Geológicos*, 55 (3-4) 107-206.

<sup>4</sup> F. Barraclough (2009): «La "lingua franca" de la ciencia. El predomini de l'anglès en les publicacions científiques», *Mètode*, 62, 27-31.

<sup>5</sup> Thed N. Van Leeuwen et al. (2001): «Language biases in the coverage of the Science Citation Index and its consequences for international comparisons of national research performance», *Scientometrics*, vol. 51, núm. 1, 335-346 [en liña]. Dispoñible en: <http://www.cwts.nl/TvR/documents/AvR-Language-Scientometrics.pdf>. «In addition, the influence on the impact scores of publications by English and US scientists in journals with a supposed strong national orientation should be investigated as well, and probably left out of impact analyses as well.»

<sup>6</sup> María Bordons e Isabel Gómez (2004): «Towards a single language in science? A Spanish view», *Serials*, 17 (2) [en liña]. Dispoñible en: <http://www.adawis.de/admin/upload/naviga->



O uso dos índices internacionais ten efectos sobre os sistemas de publicacións científicas ao derivarse nunha concentración nun grupo reducido de editoriais o control de toda a actividade de difusión científica cos perigos que iso ten para o intercambio científico. Ramil Rego apunta que no Global Ranking 2009 da industria editorial apenas teñen peso as editoriais non anglosaxoas e sinala que: «As editoriais das revistas científicas non vinculadas ás grandes compañías editoriais internacionais non aparecen indexadas no Global Ranking of the Publishing Industry. O poder editorial, no ámbito científico e tecnolóxico, está nas mans dunhas poucas empresas multinacionais, que relegaron as editoriais vinculadas ás universidades, aos centros de investigación e ás asociacións científicas a un papel secundario, senón marxinal».<sup>7</sup> Os perigos que iso presenta teñen levado á Comisión Europea a lanzar varias iniciativas en favor da ciencia aberta e recentemente anunciou que o próximo programa marco Horizon 2020 incluírá como un principio xeral a obriga de acceso aberto das publicacións realizadas con financiamento comunitario.<sup>8</sup>

Os nesgos lingüísticos na actividade científica prodúcese tamén no caso de sistemas científicos nos que se teñen emprendido políticas para que isto non supoña un factor de discriminación (i. e. Welsh Language Mainstreaming Strategy). Autores como Gwynedd Parry sinalan problemas semellantes de visibilización no ámbito da ciencia pola presión dos sistemas de avaliación de que dependen as retribucións e a estabilidade profesional do persoal investigador. Gwynedd Parry indica que tanto as prioridades orzamentarias (máis ligadas ás áreas científicas) como a selección dos avaliadores externos (non de fala gaélica), como a existencia de sistemas de avaliación da investigación xerais británicos, son condicionantes moi fortes tanto para as universidades –que ven en perigo as súas clasificacións–, como para o persoal investigador individualmente, disuasivos do uso da lingua minoritaria na actividade científica.<sup>9</sup>

---

tion/data/English%20as%20a%20single%20language%20of%20Science%20-%20A%20Spanish%20view.pdf.

<sup>7</sup> P. Ramil Rego (2012): «As publicacións científicas periódicas ante a globalización e o plurilingüismo», en F. Díaz-Fierros Viqueira e Mariño Alfonso (eds.): *Escribir de ciencia en galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 56.

<sup>8</sup> <http://fivu.dk/en/research-and-innovation/cooperation-between-research-and-innovation/open-science/the-eu-commission2019s-focus-on-open-science>.

<sup>9</sup> R. Gwynedd Parry (2012): «Bilingual legal scholarship in Wales», en X. Arzoz (ed.): *Bilingual higher education in the legal context. Group rights, state policies and globalisation*. Leiden-Boston: Martinus Nijhoff Pub., 238 e ss.


A diverxencia no enfoque das publicacións e no alcance das investigacións entre áreas de coñecemento tamén se sinala como un elemento que provoca unhas diferenzas lingüísticas relevantes á hora de escoller o ámbito de publicación e, conectado con iso, a lingua da difusión. Concretamente as áreas de ciencias experimentais por un lado e polo outro as ciencias sociais e humanidades serían as representativas de ambos os padróns: unha actividade investigadora con menor conexión local (investigación matemática, física...) e unha actividade investigadora en que os factores culturais, lingüísticos e sociais inmediatos encontran respostas na ciencia.<sup>10</sup>

A distorsión que producen os sistemas de indexación científica especialmente en certas áreas de coñecemento e as implicacións lingüísticas que isto ten mesmo en países cun tecido científico maduro e forte (Alemaña, Francia) deben facer reflexionar non xa só sobre a súa investigación feita en castelán –os estudos sinalados apuntan nos últimos vinte anos a un aumento constante do uso do inglés– senón de forma moi singular para as linguas oficiais distintas do castelán. Se o peso do inglés é abafante e tende a medrar debido a que as decisións de política científica en relación coas avaliacións (acreditacións, sexenios) só de forma moi residual se apartan do SCI ou o *Journal Citation Reports* (JCR) como parámetros de indexación, a dificultade de someter a avaliación traballos científicos realizados en galego, catalán ou éuscaro revélase dobremente complexo. Poderíamos denominar este proceso minorización dentro da minorización.

<sup>10</sup> Ibídem, p. 190:

The use of English makes international dissemination of knowledge easier, but does it mean that all journals need to be written in English to adjust themselves to the international character of science?

The answer to the former question is probably not. The well-known study of Frame and Carpenter suggests that the internationality of science varies according to the areas: English may be a requirement in some disciplines and topics, but not in others. Internationality of science may be described with regard to the scope of the research: does the research concern a local community or is it of international interest? The highest international character is that of the basic research conducted in scientific fields. This research focuses on basic aspects of knowledge which are of clear international concern. This is the case in research on the human genome, oncogenesis or particle physics. Biologists or physicists working on basic aspects of nature share the same knowledge, scientific interests and concerns all over the world. At the other end of the spectrum we find the social sciences and, especially, the humanities. Thus, the research conducted in arts and humanities is generally more locally-oriented than that in medicine or mathematics, since cultural, linguistic and historical factors play an important role in the former. In relation to clinical medicine and technical research, they are in an intermediate position, since they are usually considered as especially interesting for local communities, although this could be changing with the increasing globalization that affects all aspects of life.



Estudos da Unesco recentes apuntan tamén estas disparidades entre áreas de coñecemento, sen esquecer a distorsión que provoca en indicadores e en clasificacións de raíz anglosaxoa a normal tendencia a citar traballos de autores ou autoras do ámbito científico próximo que provoca unha hiperrepresentación da ciencia deses países:

Bibliometric practices also disproportionately reward research that is published in English-language, international, peer-reviewed journals. Although English is the lingua franca of business and the academy, it can be an inhibitor. English-language articles and countries, which publish the largest number of English-language journals, tend to benefit the most. It also disadvantages the social sciences and humanities, which often consider issues of national relevance and publish in the national language but can equally affect the sciences (e.g. environmental or agricultural science, for similar reasons).<sup>11</sup>

Cómpre adoptar accións conxuntas das universidades das comunidades autónomas con lingua propia ante a ANECA e a CNEAI co fin de que na formación do persoal avaliador, na fixación de criterios e na propia avaliación se introduzan criterios de corrección que non disuadan ou penalicen a presentación de traballos de investigación realizados nestas linguas ou que traten problemáticas ligadas a contornos máis locais. Tamén, nesta liña resulta necesario que as axencias de avaliación autonómica introduzan criterios correctores que permitan valorar cualitativamente os traballos que, pola súa lingua ou temática presentan calidade, mais non entran no ámbito das publicacións internacionais que forman parte dos citados índices precisamente por esas circunstancias. Resulta contradictorio coas misións que a

---

<sup>11</sup> P. T. M. Marope, P. J. Wells e E. Hazelkorn (eds) (2013): «World-class universities or world-class systems? Rankings and higher education policy choices», *Rankings and Accountability in Higher Education: Uses and Misuses*, Ellen Hazelkorn. Unesco, 82. Ao citar outros autores afirmase:

Disparity across disciplines and world regions is further reflected in citation practices. Authors are most likely to reference other authors whom they know or who are from their own country. Given an intrinsic tendency to reference national colleagues or English-language publications, the reputational or halo factor means that certain authors are more likely to be quoted than others. Altbach (2006) claims that non-English language research is published and cited less often because researchers from US universities tend to cite colleagues they know. It is also easier, says Altbach (2012: 29; also Jones, 2009), 'for native English speakers to get access to the top journals and publishers and to join the informal networks that establish the pecking order in most scientific disciplines'. This may occur because of the significance of their work or because of informal networks. Neste mesmo volume en termos críticos polo *escoramento* lingüístico das clasificacións académicas véxase Imanol Ordorika e Marion Lloyd: «A decade of international university rankings: a critical perspective from Latin America» (p. 221).




LOU establece para a universidade unha formulación da avaliación científica que penaliza/exclúe os traballos de investigación que proporcionan retornos directos á sociedade que sustenta esa universidade.


## 5. O PDI das universidades galegas que usan o galego na actividade docente: percepcións sobre o uso na actividade investigadora

O exame dos criterios que usan os distintos organismos de avaliación nas valoracións para os efectos de acceso e de promoción profesional e retributivos e a bibliografía existente é indicativo dos problemas que presentan. Porén quixemos complementar esas perspectivas cun traballo de campo en que participaran os propios membros do PDI sometidos a esas avaliacións. Ante a dificultade, pola limitación de medios das universidades, de realizarlle unha enquisa a todo o PDI, decidiuse circunscribir a achega da enquisa ao profesorado que dá clases en galego. Na medida en que o uso do galego na investigación é menor que na docencia, consideramos que un cuestionario dirixido ao profesorado que consta nas universidades como que imparte a docencia en galego cubriría en boa medida a totalidade de docentes que habitual ou ocasionalmente usan o galego na difusión da investigación.

Debe facerse constar, en todo caso, que os datos sobre o uso do galego na docencia son precarios nalgunhas das universidades e que, precisamente, un dos elementos de mellora que se debería promover desde a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística é a obtención de datos veraces e sistemáticos do uso do galego. Os servizos de normalización lingüística facilitaron os contactos do profesorado que, ben por existir constancia nas aplicacións de organización docente, ben por outros motivos, constaban como profesorado que usa o galego sempre ou habitualmente na docencia. A enquisa foi contestada por un número representativo de docentes cun reparto por áreas de coñecemento non moi dispar co peso de cada unha delas no sistema universitario e os indicadores de uso do galego por áreas de que dispoñemos.


Existe unha gran diverxencia, como era de esperar entre a escolla lingüística no ámbito docente e no investigador entre o profesorado que participou na enquisa. Isto é, profesorado que nun contexto dun apoio feble á impartición de clases en galego toma a decisión de impartir maioritaria ou exclusivamente en galego non atopa apenas incentivos para ser coherente na escolla lingüística no ámbito da investigación.






Á diverxencia dos datos entre docencia e investigación hai que engadirlle outro elemento que cómpre considerar e que deriva da presenza dun número maioritario de profesorado das áreas de ciencias sociais e humanidades nas contestacións ao cuestionario. Nestes ámbitos do coñecemento o castelán é a lingua en que se publica maioritariamente, polo que as medidas que levan adoptar nestas áreas sería o propiamente estatal.

Nun desagregamento por áreas de coñecemento vese claramente estas diverxencias nas linguas de comunicación científica maioritarias por ámbitos de coñecemento científico.






#### Respostas por áreas

- CC. Sociais e Xurídicas
- CC. Experimentais
- CC. da Saúde
- Ensinanzas técnicas
- Humanidades
- Non contesta

Nos ámbitos científico-técnicos é o inglés a lingua franca de comunicación científica, mais nas ciencias sociais e humanidades segue o castelán a ser o que ocupa ese lugar.

A enquisa tamén mostra que practicamente a metade das publicacións en galego son clasificadas polo profesorado como publicacións de divulgación xeral e non como publicacións científicas. Isto é indicativo, se o comparamos cos datos infra de Catalunya, da inexistencia dun sistema propio de publicacións científicas de calidade en galego ou que admitan o galego como lingua de publicación.


27



#### Se publica en galego, faino en publicacións de divulgación xeral ou en publicacións científicas?


- Divulgación xeral
- Científicas
- Outro tipo

Un elemento que se buscou contrastar co profesorado que tivo a ben participar na enquisa foi o da percepción sobre os efectos da súa escolla lingüística na súa carreira profesional ou nas súas retribucións. Penaliza o uso do galego? É indiferente? Maioritariamente o profesorado considera que o uso do galego na actividade investigadora ten un impacto negativo na súa promoción académica, no seu salario –o que indirectamente ten tamén efectos académicos pola consideración dos sexenios para cuestións académicas– e no alcance da difusión da súa obra científica. Esta percepción do galego ter uns efectos negativos na carreira académica e o dato dun uso principalmente divulgativo e non propiamente de difusión científica do galego veñen confirmar o que os indicadores e os estudos sobre biblio-




### Sobre os seguintes aspectos, cre que publicar en galego ten un impacto positivo ou negativo?

● Positivo ● Negativo



metría da ciencia sinalaban. A publicación en linguas minoritarias implica unha minusvaloración das publicacións científicas. A mesma lóxica que se percibe para as publicacións en castelán en áreas cun peso maioritario das revistas en inglés –nos campos das ciencias experimentais, exactas e técnicas–, trasládase acentuada ás publicacións en éuscaro ou en galego, en ámbitos do coñecemento en que aínda o castelán segue tendo un peso importante no sistema científico –ciencias sociais e humanidades–.

A ausencia de publicacións, enténdese que estamos falando das que cumpren os criterios de calidade para non supor unha pexa na carreira académica, é o obstáculo que máis comunmente sinala o profesorado que responde a enquisa; moi por enriba de factores ligados á competencia lingüística que habitualmente se sinalan como problemáticos. Teñamos en conta que se trata de profesorado que ao dar as clases en galego usa habitualmente esta lingua nun contexto académico e coa terminoloxía propia da súa área de coñecemento. Mais unha vez a experiencia catalá pode ser interesante para tomarmos referencia nos esforzos desenvolvidos polo goberno da Generalitat para soste un sistema de publicacións científicas que favorecen a presenza do catalán e garanten unha presenza moi relevante de publicacións nesta lingua como se pode apreciar nos datos que se achegan neste informe infra.



### Se non publica en galego, que motivos ten para publicar noutra/s linguas?

- Non uso o galego suficientemente ben.
- Fáltame vocabulario técnico en galego.
- Non existen publicacións na miña disciplina.
- Non contesta.
- Outros.

## 5. O uso do galego noutras actividades de investigación

### a) O idioma das teses de doutoramento

A tese de doutoramento supón o cume dun traballo de iniciación á investigación e marca simbolicamente a capacidade investigadora. A presenza do galego na elaboración das teses de doutoramento pode ser indicativa do vigor da lingua. Malia a cada vez máis forte presenza do inglés neste ámbito é preciso apreciar en que medida o galego, sobre todo en relación co castelán, é usado para realizar teses de doutoramento ou non.


A USC recolle datos sobre a presenza do uso do galego nas teses que indican que no ano 2012 se defenderon na USC un total de 298 teses de doutoramento: «A maioría delas (224) foron redactadas nun só idioma, principalmente o castelán (163), seguido do inglés (23), o galego (19) e o portugués (16), mentres que outras 74 foron redactadas en dúas linguas; neste caso, de novo o castelán segue campando como idioma preferente, mentres que como secundario destaca o inglés».<sup>12</sup>

O SNL da USC co exame en perspectiva dos datos desde 1990 ata 2012 aprecia: «A redución do espazo que ocupa o castelán nas teses, a consolidación do uso do galego nunha modesta porcentaxe e o avance importante do inglés».


Porén «acoutando a perspectiva aos últimos catro anos e xa en porcentaxes con respecto ao total de teses lidas, obsérvase que o meirande número de teses lidas o pasado ano se relaciona de xeito directo cun descenso da diversidade lingüística, a prol do castelán».

Non é fácil adoptar medidas para impulsar un maior uso do galego na elaboración de teses de doutoramento fronte ao pulo do inglés, especialmente en determinados ámbitos de coñecemento. Non obstante, o desequilibrio que existe con respecto ao castelán mostra a necesidade de medidas de acción neste campo. Un exame dos datos *infra* da presenza do catalán nas teses indica que nun contexto científico semellante se podería incrementar significativamente o uso do galego e situalo cando menos en niveis equiparables ao do castelán.

<sup>12</sup> [http://ocartafol.usc.es/cartafol/contidos/novas/novas\\_0147.html](http://ocartafol.usc.es/cartafol/contidos/novas/novas_0147.html).



A existencia de axudas para realizar teses en galego pode ser unha fórmula de apoio nestes momentos iniciais tendo en conta que, como sinala o SNL da USC, despois se aprecia unha elevada fidelidade á lingua das persoas que usaron o galego na súa tese de doutoramento. Non obstante, o limitado alcance das existentes –só para gastos ligados á edición dos exemplares da tese– non parece suficiente para un traballo que require un esforzo de tan longo prazo. En Euskadi existe unha liña autonómica de bolsas de predoutoramento con esta finalidade que poderían servir de pauta de mellora neste ámbito.



Elaboración do Servizo da Normalización Lingüística da USC a partir de datos de XesCampus, fornecidos pola Área TIC.

# Un camiño andado: as experiencias en Euskadi e en Catalunya

As experiencias de Euskadi e de Catalunya en que a presenza no ámbito académico das linguas propias é moito máis significativa poden ofrecer perspectivas interesantes para as universidades galegas e para o goberno autonómico adoptar medidas de mellora.


Cómpre examinar tanto os aspectos ligados ao condicionamento lingüístico na selección do profesorado e á carreira académica (promoción e retribucións) como tamén aos programas de incentivación do uso das linguas na actividade académica.

## 1. Catalunya

### *a) Acreditación e incentivos retributivos do profesorado*

A acreditación de profesorado laboral (do que en Catalunya existen dúas categorías estables, unha equivalente como de profesorado titular e outra de catedrático) realízase por unha axencia de avaliación propia. A acreditación vén emitida pola Agència per a la Qualitat Universitari de Catalunya (AQU Catalunya) e os seus criterios de avaliación non consideran expresamente o uso do catalán como mérito para valorar. Porén a propia existencia da axencia autonómica de avaliación unida á existencia de programas autonómicos de priorización das avaliacións realizadas na AQU e non na ANECA (a Generalitat financia o 50 % do custo da praza durante un período de tempo de tres anos polo que as universidade presionan, ou mesmamente esixen, que o persoal académico se someta á acreditación na AQU) fai que a avaliación dos currículos no ámbito autonómico goce de maior prestixio e, indirectamente, evite penalizacións por razóns lingüísticas.

Ademais o Consello Interuniversitario de Catalunya aprobou na súa sesión do 11 de xuño de 2008 o «Acord sobre l'acreditació lingüística en els processos de selecció i d'accés del professorat de les universitats del sistema universitari de Catalunya». Este acordo que se establece sobre a base xurídica dos



mandatos do Estatuto de autonomía, a Lei de política lingüística e o Estatuto básico do empregado público, en relación cos dereitos lingüísticos da cidadanía –en concreto do estudantado– e o uso normal do catalán no ensino universitario, busca establecer as bases para garantir a capacitación do profesorado. O acordo aplícaselles a todas as universidades catalás e a todo o profesorado con independencia do seu vencello ser funcional ou laboral. O momento de acreditación dos coñecementos lingüísticos é o de acceso aos corpos docentes ou ás categorías laborais e o nivel esixido é o de suficiencia. Isto é un nivel que «garanteix la capacitat de fer un ús de la llengua catalana per comunicarse satisfactòriament, de forma oral i escrita, d'acord amb les exigències de les tasques acadèmiques». O acordo dispón diversas formas de acreditación dos coñecementos lingüísticos e varias excepcións na súa aplicación para o profesorado cunha vinculación circunstancial coas universidades catalás (profesorado visitante) ou cun vencello honorífico (emérito e honorario).

Polo que respecta aos complementos retributivos, a Lei de universidades de Catalunya e o Decreto 405/2006, do 24 de outubro, regulan e establecen tres tipos de complementos de retribucións adicionais: por méritos docentes, de investigación e de xestión para o persoal docente e investigador funcionario e contratado das universidades públicas catalás.

Comezando polos méritos de investigación, a Resolución ECO/2902/2012, do 21 de decembro, pola que se lles dá publicidade aos criterios específicos para avaliar a actividade de investigación do persoal docente e investigador das universidades públicas de Catalunya, para asignar os complementos adicionais por méritos de investigación usa como indicadores:

- a) Os índices de impacto das revistas científicas, calculados fundamentalmente a partir das citas que reciben os artigos que publican.
- b) As citas ou o recoñecemento internacional que reciben outras publicacións, como os libros ou os relatorios dun congreso en determinadas especialidades.
- c) O valor económico da patente activa conseguida a través da investigación aplicada.
- d) Os premios e outras formas de recoñecemento social que poden recibir as obras literarias artísticas e arquitectónicas.



A Comisión de Avaliación da Investigación outórgalle gran relevancia ao impacto internacional dos traballos de investigación nas distintas áreas de coñecemento, incluídas as ciencias sociais onde por exemplo no campo do dereito fai referencia a «revistas de valía recoñecida, de acordo coa práctica habitual no ámbito xurídico europeo». No que respecta ao complemento por méritos de docencia, recoñecido polo Decreto 405/2006, do 24 de outubro, para avaliar a actividade docente aplícase o modelo que recollen os manuais de avaliación docente das universidades públicas catalás, certificados por AQU Catalunya. O Decreto establece que AQU certifica os informes de avaliación dos méritos docentes do profesorado que realizan as universidades.<sup>13</sup> Obsérvase que non existen referencias ao uso do catalán na docencia, cuestión que pode ter que ver con este ser o idioma dominante na docencia impartida en Catalunya.


A incentivación do uso do catalán no ámbito docente produciuse fundamentalmente pola vía da planificación interna das universidades que teñen xa unha longa práctica de impulso neste ámbito:

- Pla de llengües de l'Universitat de Barcelona (acordo aprobado polo Consello de Goberno o 24 de marzo de 2010).
- Pla de llengües de la UAB. Una aposta estratéxica pel multilingüisme (acordo do Consello de Goberno o 17 de xullo de 2008).
- Pla de política lingüística 2009-2013 de la Universitat de Girona (aprobado polo Consello de Goberno na sesión núm. 1/09 do 29 de xaneiro de 2009).
- Pla d'acció pel multilingüisme a la Universitat Pompeu Fabra (maio de 2007).
- Pla de política lingüística de la Universitat Rovira i Virgili per al 2012-2014 (aprobado polo Consello de Goberno o 10 de xullo de 2012).
- Pla d'acció multilingüe de la Universitat de Lleida.

Os resultados, hoxe en día, revelan un uso moi amplo do catalán na docencia de grao e de mestrado. Este uso é máis significativo nas universidades

---

<sup>13</sup> Un exemplo aleatorio dun manual de avaliación é o Manual d'avaluació de l'activitat docent do professorat da Universitat de Barcelona (2009), que establece como criterios: a) A planificación docente; b) O desenvolvemento da actividade docente e da profesionalidade docente; e c) Os resultados da acción docente.



públicas –a Universitat Pompeu Fabra cun 55 % é a de menor presenza– que nas privadas, pero en conxunto acadan cifras moi representativas do éxito dos plans de normalización existentes.

Uso do catalán na docencia curso 2010/2011	
Universidades	% de docencia no grao e no mestrado en catalán
UB	65 %
UAB	77 %
UPC	62 %
UPF	55 %
UdG	79 %
UdL	80 %
URV	90 %
UOC	84 %
URL	70 %
UVIC*	92 %
UIC	40 %
UAO	23 %

Fonte: Comissionat per Universitats i Recerca de la Generalitat

### *b) O impulso da lingua na actividade investigadora e de divulgación científico-técnica*

Porén a actividade investigadora en catalán poténciase principalmente por outras vías. Principalmente mediante unha serie de programas de axudas e de fomento da Generalitat cun orzamento significativo dirixido ao uso do catalán para actividades científicas de diverso tipo (divulgación, investigación, docencia) e dirixidos a sectores distintos (estudantes de educación secundaria, doutorandos ou doutorandas, comunidade universitaria...).

A curiosidade científica estímase xa nos primeiros anos da xuventude entre o estudantado do segundo ciclo de educación obrigatoria (ESO) e da educación postobrigatoria (bacharelato e ciclos formativos de grao medio e superior) cos «Premios investigación xuvenil para fomentar o espírito científico da xuventude» (PRJ 2012). É un programa dotado con 80 750 euros en 2012 (71 premios de 750 euros e 11 premios de 2500 euros para os centros galardoados), en que as bases esixen que os traballos sexan escritos en catalán.

Por outra parte, apréciase a existencia dun número equilibrado de teses en castelán e en catalán. É un indicador interesante, aínda que tamén se aprecia a forte presenza do inglés como lingua científica xa nos traballos que marcan o inicio da carreira investigadora.

2012				
	Cast.	Cat.	Inglès	Altres
Catalunya	30%	20%	30%	2%
UB	10%	6%	5%	1%
UAB	8%	5%	7%	0%
UPC	3%	2%	6%	0%
UPF	1%	1%	5%	0%
UdG	1%	2%	2%	0%
UdL	2%	1%	1%	0%
URV	3%	1%	3%	
UOC	0%	0%		
URL	1%	1%	1%	

Lingua das teses defendidas nas universidades públicas catalás. Fonte: Racó Català de Revistes

O programa de «Axudas para teses de doutoramento en catalán» (TD-CAT-DGR 2012) apoia a realización de teses en lingua catalá. En 2012 destináronse 80 000 euros a este programa. A Generalitat financiou cunha axuda 180 teses realizadas en catalán en 2012, cunha presenza bastante homoxénea de teses en todas as grandes áreas de coñecemento.<sup>14</sup>

Mais, ao noso xuízo, ten especial interese a forte presenza do catalán nas publicacións científicas catalás avaladas por un apoio importante da Generalitat neste sector. Existe un número importante de revistas científicas catalás<sup>15</sup> e unha política editorial da Generalitat e das universidades para soste publicacións periódicas académicas. Mesmo cando unha parte desas publicacións usan outras linguas, esta política científica favorece a presenza do catalán.

No ámbito das publicacións están as «Axudas á edición e á difusión de libros de texto, manuais universitarios, libros científico-técnicos ou de referencia,

<sup>14</sup> Unha análise da distribución por ámbitos de coñecemento, universidades e da evolución anual está dispoñible en: [http://www10.gencat.cat/agaur\\_web/generados/castella/home/recurs/doc/estadistiques\\_PROPOSADES\\_TDCAT2012.pdf](http://www10.gencat.cat/agaur_web/generados/castella/home/recurs/doc/estadistiques_PROPOSADES_TDCAT2012.pdf).

<sup>15</sup> <http://www.raco.cat/index.php/raco/pages/view/QueEs>.



en soporte papel ou electrónico, escritos ou traducidos en lingua catalá» (DILL 2011). Son 180 000 euros os que destinou en 2011 a Generalitat para promover a edición e a difusión de libros de texto ou manuais universitarios, libros de referencia e libros científico-técnicos escritos en lingua catalá ou traducidos ao catalán destinados a materias obrigatorias e optativas dos estudos universitarios, en soporte papel ou electrónico.

A Generalitat sostén un programa de documentación científica promovido pola Dirección Xeral de Investigación (DGR) do Departamento de Economía e Coñecemento (DEC) e a Axencia de Xestión de Axudas Universitarias e de Investigación (AGAUR). Este programa ten entre outras finalidades a análise bibliométrica dos resultados científicos, a medición do impacto e o nivel de internacionalización da ciencia catalá, a difusión da ciencia catalá e a terminoloxía e a nomenclatura científica.<sup>16</sup>

	Català	Castellà	Anglès	Altres
2006-07	52%	36%	8%	4%
2008	62%	31%	4%	3%
2009	52%	34%	6%	8%
2010	50%	32%	5%	13%
2011	34%	48%	5%	13%
2012	48%	33%	5%	14%
<b>Acumulat</b>	<b>50%</b>	<b>36%</b>	<b>5%</b>	<b>9%</b>

Artigos en revistas científicas. Fonte: Racó Català de Revistes

Igualmente contan coas «Axudas ás universidades de Catalunya para actuacións de fomento e uso das linguas no ámbito universitario» (Interlingua 2012) coas que se pretende garantir a presenza e o uso da lingua catalá nas universidades «debido ao seu carácter de lingua propia e por responsabilidade social», ao tempo que tamén se fai coas terceiras linguas –preferentemente o inglés–. Estas axudas contaron na convocatoria de 2012 cun financiamento de 726 400 euros, unha cantidade relevante, para actuacións como: a) Organización de cursos que conduzan ao nivel de suficiencia de catalán para o PDI; b) Elaboración de probas interuniversitarias para acre-

<sup>16</sup> [http://www10.gencat.net/agaur\\_web/AppJava/castellano/a\\_info.jsp?contingut=pdoc-cientifica](http://www10.gencat.net/agaur_web/AppJava/castellano/a_info.jsp?contingut=pdoc-cientifica).

ditar coñecementos lingüísticos; c) Elaboración de recursos lingüísticos que conduzan a incrementar a docencia e a investigación en catalán e en inglés; d) Cursos e actividades orientados a potenciar a acollida e o intercambio lingüístico; e) Mantemento e actualización dos espazos de autoaprendizaxe de lingua catalá e de terceiras linguas dirixidos ao profesorado, ao persoal de administración e servizos e ao estudantado (cursos virtuais, materiais didácticos preferentemente virtuais, tests, ferramentas de avaliación...). A formación ofertada debe realizarse preferentemente a través do portal [parla.cat](http://parla.cat).


Como complemento a esas axudas convócase o Premio Enric Freixa i Pedrals para galardoar a calidade lingüística (corrección sintáctica, bo uso da terminoloxía específica do ámbito en cuestión, estilo fluído e comprensible...) dun material docente dixital redactado en catalán dispoñible na webMateriales Docentes en Red (MDX) en [www.mdx.cat](http://www.mdx.cat). Ten interese que un dos criterios de valoración para conceder o premio é «o tratamento de temas e ámbitos onde a presenza da lingua catalá sexa deficitaria». Cómpre salientar que estas medidas están amparadas coa existencia dun conxunto de plataformas virtuais que permiten a cooperación e comparten recursos para darlles un efecto multiplicador aos esforzos realizados.

## 2. Euskadi

### *a) Profesorado: acceso e promoción e complementos retributivos*

Os Estatutos da UPV/EHU (aprobados polo Decreto 17/2011, do 15 de febreiro) establecen entre os fins da UPV/EHU a contribución ao desenvolvemento e á normalización do éuscaro desde o seu ámbito de actuación (art. 4.1.d). Ademais, o artigo 8.3 dispón que a UPV/EHU adoptará as medidas oportunas para normalizar o uso do éuscaro no ensino universitario, na investigación científica e na actividade administrativa e de servizos. E con relación á investigación o artigo 91.4 di que «a UPV/EHU impulsará o uso do éuscaro na investigación na divulgación científica, técnica, humanística e artística. Así mesmo, promoverá o uso doutras linguas nestas actividades».

A planificación lingüística en Euskadi no ámbito universitario está marcada polo modelo de perfís lingüísticos. Coa finalidade de poder garantir toda a



oferta docente en éuscaro dotáronse prazas de profesorado perfilado lingüísticamente para dispor de PDI capacitado. O esforzo de introducir o uso do éuscaro a través destas medidas vese reflectido na positiva utilización do éuscaro na docencia. Véxase seguidamente a avaliación do novo alumnado matriculado en éuscaro; pode observarse unha tendencia xeneralizada de incremento da elección do idioma cooficial para a docencia por parte do estudiantado. Esta posibilidade existe para o alumnado grazas ao perfil bilingüe fomentado polo sistema universitario de Euskadi.

Campo científico	2001/2002	2002/2003	2003/2004	2004/2005	2005/2006
Ciencias	35,50 %	38,76 %	46,01 %	47,76 %	46,53 %
Enxeñaría e arquitectura	25,47 %	23,76 %	27,04 %	30,59 %	32,14 %
Ciencias da saúde	34,10 %	31,61 %	32,24 %	31,81 %	41,48 %
Ciencias sociais e xurídicas	41,47 %	41,22 %	43,58 %	44,99 %	47,99 %
Arte e humanidades	43,52 %	47,07 %	42,60 %	41,06 %	42,21 %
TOTAL	36,14 %	35,73 %	37,82 %	39,60 %	42,35 %
Campo científico	2006/2007	2007/2008	2008/2009	2009/2010	2010/2011
Ciencias	47,76 %	49,55 %	50,68 %	45,39 %	47,57 %
Enxeñaría e arquitectura	33,40 %	35,61 %	35,32 %	28,70 %	32,27 %
Ciencias da saúde	39,15 %	38,84 %	38,52 %	34,47 %	34,02 %
Ciencias sociais e xurídicas	46,71 %	50,28 %	51,84 %	48,29 %	42,93 %
Arte e humanidades	47,67 %	48,31 %	51,27 %	44,56 %	48,54 %
TOTAL	42,52 %	45,37 %	46,26 %	45,79 %	42,81 %

Isto vese reforzado pola normativa dirixida a regular os procesos de acreditación do profesorado. O Decreto 228/2011, do 8 de novembro, aprobou os criterios que debe utilizar a Axencia de Avaliación da Calidade e Acreditación do Sistema Universitario Vasco (Unibasq) na avaliación e na acreditación do persoal docente e investigador contratado da Euskal Herriko Unibertsitatea e do profesorado das universidades privadas de acordo co establecido na Lei 3/2004, do 25 de febreiro, do sistema universitario vasco. Existen criterios relacionados co éuscaro co obxectivo de fomentar o seu uso. Así, obsérvase que no anexo 1, para a categoría de profesorado pleno, se incrementa nun 20 % as actividades docentes realizadas en éuscaro. Para as categorías de profesorado agregado (anexo 2), profesorado adxunto (anexo 3), profesorado investigador (anexo 4), profesorado doutor investigador (anexo 5) e profesorado de universidade privada (anexo 7) existen criterios relacionados


co éuscaro en tres aspectos: a presentación dunha tese en éuscaro valórase como unha tese internacional cando esta alcance a máxima cualificación, valórase a acreditación do coñecemento do éuscaro e a impartición da docencia en éuscaro incrementa o seu valor nun 20 %. Para a categoría de profesorado colaborador tense en conta a acreditación do coñecemento e a docencia en éuscaro.

Polo que respecta aos complementos retributivos, no caso da comunidade autónoma de Euskadi os complementos retributivos individuais veñen regulados no Decreto 209/2006, do 17 de outubro, sobre complementos retributivos adicionais do persoal docente e investigador da Euskal Herriko Unibertsitatea, modificado polo Decreto 64/2011, do 29 de marzo.

Os diferentes criterios de avaliación utilizados pola Unibasq á hora de realizar as avaliacións si teñen en conta o impacto do uso do éuscaro; así establece que: «Os que exerzan polo menos a metade da súa actividade universitaria (docencia e investigación) en éuscaro, incrementarán os puntos obtidos en docencia e en investigación nun 20 %. A suma total non poderá exceder, en calquera caso, de 50 no apartado da docencia e de 45 no apartado da investigación».

Existen, nos diferentes complementos retributivos individuais, máis criterios relacionados co uso das linguas. Véxase neste sentido, no marco do mérito de docencia, en primeiro lugar, a valoración positiva da impartición da docencia en máis dun idioma non oficial (no marco do impulso das linguas estranxeiras no ensino universitario). En segundo lugar, a elección dun perfil bilingüe que fai que exista a opción para todo o alumnado de cursar todas as materias en éuscaro. Na valoración da investigación ponse atención en «libros, capítulos de libros, monografías e ás publicacións que correspondan a áreas que sexan deficitarias e de especial interese para a comunidade autónoma de Euskadi».

Máis recentemente, no marco das reformas para aplicar o Real decreto lei 14/2012 en relación coa dedicación do profesorado, o Consello de Goberno da UPV/EHU aprobou o Plan de dedicación académica (PDA) para a asignación de carga docente (outubro de 2012), que recolle unha redución da asignación docente para o profesorado que acredite «publicacións con ISBN en éuscaro: recoñecerase un máximo de 4 créditos». A Vicerreitoría de Éus-



caro e Plurilingüismo realizará unha convocatoria anual, á que cada docente poderá presentar os libros e os artigos publicados en éuscaro (material docente universitario, publicacións científicas, divulgación e alta divulgación).

### ***b) Outras medidas de impulso no ámbito da investigación***

O uso do éuscaro na docencia e na educación é moi desigual. No plano docente o obxectivo é garantirlle ao alumnado a posibilidade de cursar todas as ensinanzas na lingua que escollan. Para iso existen programas na UPV/EHU para preparar materiais docentes en éuscaro, servizos de corrección lingüística, posibilidade de publicación en liña dos materiais...

No plano de investigación non se teñen articulado medidas efectivas para fomentar o uso do éuscaro. Tampouco hai cotas nos proxectos de investigación. O uso do éuscaro na actividade investigadora é unha cuestión ligada á voluntariedade dos equipos.

Existe, porén, un programa de dotación de vinte bolsas de predoutoramento de catro anos de duración para preparar teses en éuscaro. Tamén hai un premio bianual organizado entre a UPV/EHU e Euskaltzaindia (Real Academia da Lingua Vasca) para as mellores teses en éuscaro (un premio e dous accésits).


A presenza do éuscaro é algo máis significativo na divulgación científica, xa que existen unidades didácticas, materiais científicos e outros soportes dirixidos a darlle a coñecer o labor investigador ao público xeral.

En ciencias sociais e xurídicas e humanidades, as revistas do ámbito de Euskadi admiten traballos de investigación en éuscaro (*Revista Vasca da Administración Vasca* [RVAP], *Ekonomiaz*...). Existe unha revista xurídica integramente en lingua vasca: *Eleria* (Euskal Legelarien Aldizkaria –revista de xuristas vascos–). Tamén en materia de ciencias da educación existen revistas en éuscaro (*Gaiak*). A Udako Euskal Unibertsitatea (Universidade Vasca de Verán) publica traballos de investigación en éuscaro.



## Conclusiones

- A presenza do galego na actividade investigadora é moi reducida.
- A inclinación progresiva dos sistemas de avaliación científica cara a indicadores internacionais (significativamente SCI e JCR) cunha base anglosaxoa incide de forma moi relevante nas decisións de política académica e na planificación individual da carreira académica do profesorado.
- Os estudos existentes revelan que mesmo en sistemas científicos fortes e maduros o peso deses criterios de indexación réstalle visibilidade á produción científica de calidade nas linguas propias (ex. francés, alemán).
- O uso dos índices internacionais ten efectos sobre os sistemas de publicacións científicas que se derivan nunha concentración nun grupo reducido de editoriais e o control de toda a actividade de difusión científica cos perigos que iso ten para o intercambio científico. Os riscos que diso se derivan teñen levado á UE a programar a esixencia da publicación en aberto dos resultados científicos obtidos en actividades financiadas con fondos comunitarios para o programa marco Horizon 2020.
- As decisións de planificación da carreira académica do profesorado ven-se condicionadas pola aplicación deses criterios.
- Os estudos indican que as publicacións que utilizan linguas distintas das dominantes –esencialmente o inglés nas áreas científico-técnicas e tamén o castelán nas de ciencias sociais e humanidades– teñen dificultades para ser valoradas nos seus sistemas académicos.
- A percepción do profesorado participante na enquisa realizada nas tres universidades galegas coincide con estes estudos e maioritariamente considera que ten efectos negativos sobre a súa promoción profesional e retribucións ao uso do galego na investigación.
- A escasa presenza do galego prodúcese en todos os planos da actividade investigadora e en todos os momentos da carreira académica (traballos de fin de mestrado [TFM], teses, publicacións, divulgación, transferencia de coñecemento).
- É preciso tratar coas autoridades educativas doutras comunidades autónomas con linguas propias o establecemento de pautas de avaliación nos




organismos estatais competentes (ANECA, CNEAI) que non penalicen o uso das linguas propias e que a introdución de criterios cualitativos de avaliación das publicacións non se limiten á referencia aos indicadores internacionais.

- A formación dos avaliadores en relación co uso das linguas propias, tendo en conta que estamos en sistemas de *peer-review*, é fundamental para limitar os nesgos nas avaliacións.
- Nun momento de fortes recortes salariais a introdución de incentivos retributivos polo uso da lingua pode ser un estímulo eficaz para acompañar plans de normalización da lingua nas universidades públicas.
- A existencia dun apoio económico da Xunta de Galicia a un grupo seleccionado de publicacións que usen o galego (en solitario ou xunto a outras linguas) e que cumpran os criterios de calidade estándar especialmente nas áreas de ciencias sociais e humanidades en que as temáticas de publicación poden ter unha maior conexión coa sociedade próxima pode servir para matizar eses problemas que se constatan nos sistemas de avaliación. A experiencia catalá é significativa nese sentido.
- O apoio á realización de teses en galego mediante unha política de bolsas de doutoramento tamén é unha fórmula da que nos momentos iniciais da carreira académica se impulse o uso do galego na investigación como se fai en Euskadi.
- Constatando as dificultades existentes para corrixir esa baixa presenza polas características propias da actividade científica –publicacións internacionais co inglés como lingua dominante, configuración estatal da carreira profesional, avaliacións rexidas por criterios uniformes e de carácter cuantitativo–, existen ámbitos en que se pode reforzar o uso do galego para o saber científico.
- A docencia é a primeira vía de difusión do coñecemento científico e en Galicia non se fixo unha planificación e unha avaliación da necesidade de incrementar a reducida presenza do galego nas aulas universitarias. Os modelos catalán e vasco ofrecen solucións diversas, pero en ambos os casos mostran que a planificación lingüística apoiada con recursos públicos autonómicos produce resultados.
- A divulgación do coñecemento científico na sociedade, especialmente dirixido a escolares, é unha das vías máis directas de socialización da

actividade investigadora e de asociar o galego a rexistros de prestixio. Cómpre, por tanto, incrementar significativamente o apoio ás actividades de divulgación científica realizadas polas universidades e outros entes e organismos. Nunha sociedade en que o uso das tecnoloxías da comunicación é determinante, a divulgación científica en galego debería formar parte da programación dos medios públicos.

- O mundo empresarial é dos ámbitos en que a presenza do galego é menor polo que a transferencia de coñecemento que se realiza polos grupos de investigación á sociedade (empresas, administracións...) pode servir para galeguizalo. Tanto as universidades como a Xunta de Galicia debe facer cumprir as súas normas de uso do galego na contratación e na prestación de servizos. As redes de emprendemento dependentes ou en que participan tanto a Xunta de Galicia como as universidades (Fundación Emprega-Universidade Galega [Feuga], as oficinas de transferencia de resultados de investigación [OTRI]...) teñen que modificar os seus usos lingüísticos para contribuír a que a transferencia da investigación se realice en galego.



## Propostas de actuación en relación coa avaliación da ciencia

- O peso que teñen na planificación da carreira investigadora e académica as sucesivas avaliacións ás que se somete o profesorado fai necesario co-rrixir prexuízos ou penalizacións nos traballos de investigación en galego. Sería preciso promover xunto coas universidades catalás e vascas unha reunión coa ANECA e coa CNEAI co fin de tratar esta cuestión.

**Realizar xestións, xunto coas universidades catalás e vascas, cos organismos estatais que efectúan avaliación da investigación, ANECA e CNEAI para asumir o carácter plurilingüe do Estado e modificar os criterios de avaliación.**

- As avaliadoras e os avaliadores deben recibir formación específica sobre o impacto lingüístico que teñen as súas decisións.

**Formar as persoas que avalíen sobre a conformación plurilingüe do Estado e sobre os problemas dos nesgos na avaliación.**

- Nun momento de fortes recortes salariais a introdución de incentivos retributivos polo uso da lingua pode ser un estímulo eficaz para acompañar plans de normalización da lingua nas universidades públicas.

**Introducir estímulos retributivos ao uso do galego na investigación.**

# Propostas de actuación noutros ámbitos conexos

## 1. A docencia como porta da investigación

Aínda que este informe está centrado na promoción do uso do galego na investigación debemos lembrar que a docencia é a primeira fonte de difusión do coñecemento científico, neste caso ao estudiantado. A consolidación dunha terminoloxía científica completa e a súa popularización depende en gran medida do seu uso nas aulas universitarias.

Por este motivo cómpre dar pasos para avanzarmos no uso do galego na docencia de xeito que os e as profesionais que saian das universidades galegas poidan ser quen de usar terminoloxía especializada nos seus respectivos ámbitos de saber. As cifras de uso do galego na docencia son francamente pobres e reveladoras dun desleixo que contrasta coas experiencias catalá e vasca. Sería preciso que a Xunta de Galicia en acordo coas tres universidades galegas adopte medidas claras, periodificadas e con obxectivos precisos para avanzar na presenza do galego na docencia. Para iso é necesario que existan estímulos específicos para o uso no marco dunha planificación. Nun momento de forte contracción das retribucións do persoal empregado público podería ser interesante que a planificación dos obxectivos que é preciso conseguir de uso do galego na docencia se apoiem en medidas específicas de apoio económico tanto para as persoas que imparten as clases en galego como para as propias institucións académicas.

45

### *Medidas*

- Tendo en conta que os orzamentos das universidades presentan unha compoñente variable por obxectivos podería establecerse que un dos parámetros de mellora sexa precisamente o aumento do uso do galego nas aulas. En 2013 o financiamento variable por obxectivos será do 10 % do total dos créditos destinados ao apoio económico das universidades galegas. Así, en 2013 repartiranse no marco destes contratos un total de 37,1 millóns de euros, mentres que as contías de 2014 e 2015 se definirán



baseándose nas contías totais dos orzamentos destinados ao SUG para eses anos. Nos indicadores aprobados en 2010 tan só figuraba en relación co uso da lingua galega «Número de teses lidas (aprobadas) en lingua galega».17

**Establecer como indicador no plan de financiamento a mellora na presenza do galego na docencia de grao e de mestrado.**

- No plano individual os complementos autonómicos ligados á actividade docente deberían establecer unha compoñente específica en relación co uso do galego na docencia e a participación en actividades de normalización dos materiais ou a calidade da lingua na docencia.

**Valorar especificamente nos complementos retributivos autonómicos da docencia en galego e das actividades de innovación docente para o uso do galego nas aulas.**

- É preciso dotar dun financiamento estable os servizos de normalización lingüística (SNL) e coordinalos cos servizos de ordenación académica para que se impulsen conxuntamente as medidas de planificación, apoio e avaliación precisas para mellorar a presenza do galego na difusión do coñecemento no ámbito docente.

**Dotar de financiamento estable os SNL e coordinar os servizos de ordenación académica e normalización lingüística para planificar e a avaliar a mellora.**

- Cómpre coordinar e desenvolver os recursos terminolóxicos, docentes, plataformas para a docencia virtual e outras ferramentas para facilitar o uso do galego na docencia. Existen iniciativas moi interesantes en todas as universidades de recursos terminolóxicos en liña, vocabularios, dicionarios e outras ferramentas terminolóxicas. Tamén unidades didácticas, manuais e tratados con tradución ao galego. Sería conveniente establecer un portal electrónico común e realizar campañas para dalos a coñecer. Tamén é necesario ter liñas de subvención para isto, para a tradución de software e para as plataformas de docencia virtual.

---

17 <http://www.edu.xunta.es/web/node/1576>.

**Sistematizar os recursos terminolóxicos e financiar traducións de materiais docentes, software e outros recursos e actividades necesarios.**

## 2. O impulso das publicacións científicas e da valoración na investigación


O abano de publicacións científicas, periódicas ou monografías en galego é moi reducido. Os condicionantes enumerados relacionados coa participación nunha comunidade científica internacional que se relaciona fundamentalmente en inglés e, derivado diso, a existencia de sistemas de valoración da investigación –tanto para os efectos de promoción profesional como retributivos– en que as publicacións internacionais teñen un peso central, non deben impedir unha política de impulso das publicacións científicas en galego.

### *Medidas*

- En primeiro lugar deberíase apoiar a tradución ou a publicación de monografías científicas. Tendo en conta o avance continuo do coñecemento e a dificultade de dispor dun catálogo completo de obras científicas, deberían primarse obras centrais das diversas disciplinas e as monografías de membros da comunidade científica que teñan relación con Galicia ou os retos científicos, sociais ou económicos propios da nosa sociedade. Nesta liña os servizos de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo teñen feito un esforzo por publicar algúns volumes de obras icónicas do saber universal. A Xunta de Galicia debería contar cunha liña de apoio a esta actividade editorial.

**Reforzar a publicación de obras importantes das diversas disciplinas e de monografías científicas ligadas a problemáticas de interese para Galicia.**

- As publicacións periódicas son a canle de difusión do coñecemento científico máis usual. A existencia dunha forte concentración da industria editorial científica en mans anglosaxoas non debe impedir a existencia



de iniciativas noutras linguas que cumpran cos criterios de calidade propios da actividade académica. Nomeadamente nos ámbitos do coñecemento científico cunha compoñente máis ligada a Galicia debería realizarse un esforzo de contar con publicacións científicas periódicas que cumpran os estándares de calidade habituais e permitan o uso da lingua galega nas súas páxinas. A experiencia catalá amosa que a existencia de publicacións propias facilita a convivencia do catalán con outras linguas habituais nas publicacións científicas e aumenta a presenza do catalán na actividade investigadora. Para isto tamén se debe tomar como referencia a existencia dun financiamento da Generalitat que garante a supervivencia desas revistas.

**Impulsar e financiar publicacións periódicas que cumpran os estándares de calidade académica e que favorezan a presenza da lingua galega.**

### 3. A actividade de divulgación científica á sociedade

A divulgación científica é probablemente o ámbito de actuación, xunto coa docencia, que maior impacto pode ter para asociar o galego a usos de prestixio social como o da actividade científica. O uso do galego ligado a actividades científicas e técnicas que sinalan a capacidade dunha lingua para estar vinculada ao desenvolvemento da sociedade é determinante. Mais é precisamente o uso divulgativo o que ten esa capacidade de achegarse ao conxunto da sociedade. Os esforzos que se realicen de darlles visibilidade e proxección á actividade investigadora e ao propio persoal investigador de prestixio en galego son camiños de futuro que se abren para a lingua.

#### *Medidas*

- Promover actividades de divulgación científica que visibilicen o traballo que se realiza nos organismos de investigación. Campañas como «En galego tamén se fai ciencia», promovida polas tres universidades galegas, asocia a referentes de prestixio na ciencia co uso do galego e son de grande interese. Neste eido destacan as actividades ligadas á divulgación científica dirixidas a escolares de primaria e de secundaria.



A escasa presenza do galego no ensino nomeadamente nas materias científico-técnicas debería corrixirse co apoio a actividades de divulgación dirixidas a este público en particular. Hai que impulsar o uso do galego en modalidades de difusión máis informal como os cafés científicos, nerd nite e outras nesas liña.

**Apoiar economicamente actividades de divulgación científica en galego, especialmente as dirixidas ao público escolar.**

- Nos medios públicos de comunicación, en cumprimento da súa misión de servizo público, debe existir programación dirixida á divulgación científico-técnica en que a través do galego se coñeza a produción científica das universidades. Esta programación debería incluír contidos dirixidos a escolares de primaria e de secundaria que axuden a espertar a curiosidade científica e a coñecer a terminoloxía galega da ciencia.

**Garantir unha programación de divulgación científico-técnica en galego nos medios públicos de comunicación.**


49

#### 4. O uso do galego na transferencia de coñecemento

A transferencia do coñecemento como unha das misións da universidade é outro dos elementos de conexión do coñecemento científico coa sociedade e coa súa contorna máis inmediata. Tendo en conta que unha parte moi relevante dos contratos de investigación que se realizan polas universidades teñen como destinatarios as administracións autonómicas ou locais ou as empresas do tecido produtivo galego, o uso do galego nos documentos e servizos que se realicen tería un efecto multiplicador na presenza do galego.

##### *Medidas*

- Facer cumprir, no caso das universidades que recollen esas previsións na súa normativa de uso do galego, as medidas de realización en galego dos estudos, traballos e servizos de transferencia do coñecemento ou introducir cláusulas nesa liña no caso de non estar previsto. Cómpre un labor de sensibilización dos grupos de investigación e sería conveniente contar cunha liña de traballo e de apoio económico para esta cuestión.



**Facer cumprir ou, de ser o caso, aprobar previsións para os traballos de transferencia do coñecemento ser feitos en galego.**

- Feuga como organismo conxunto en que participan as tres universidades galegas e que agrupa actividades de transferencia de coñecemento ten que adoptar con urxencia medidas para o uso do galego nas súas actividades, web e na relación co tecido empresarial. Esta mesma esixencia debería trasladarse a outros servizos ou organismos que poden ter as universidades para estas finalidades (Emprendia...).

**Garantir a presenza do galego na actividade de Feuga e os servizos de emprendemento das universidades.**

- A Xunta de Galicia ten que adoptar unha política proactiva na contratación pública de servizos que favoreza o uso do galego. Para iso tanto a normativa de contratación autonómica como os pregos de contratación deben esixir a entrega en galego dos traballos que vaian ser usados no ámbito autonómico.

**Impulsar a esixencia do uso do galego nos servizos de consultoría e de asesoramento contratados pola Xunta de Galicia.**

## Accións institucionais propostas

### Xunta de Galicia

- Impulsar o cambio dos criterios de avaliación da ACSUG.
- Coordinar coas autoridades educativas catalá e vasca a presentación dun documento para promover cambios no sistema de avaliación da ANECA e da CNEAI na Conferencia Xeral de Política Universitaria.
- Introducir complementos retributivos de apoio ao uso do galego na investigación.
- Impulsar o financiamento dun sistema de publicacións de calidade que favorezan o uso do galego na investigación.
- Establecer indicadores no Plan de financiamento do sistema universitario galego en relación co uso do galego na docencia e na investigación.
- Soster bolsas de doutoramento para teses realizadas en galego.
- Dotar dun financiamento estable aos SNL para desenvolver accións de impulso do galego na investigación.
- Colaborar no establecemento de criterios comúns no SUG para obter datos sobre o uso do galego na docencia e na investigación.
- Impulsar a esixencia do uso do galego nos servizos de consultoría e de asesoramento contratados pola Xunta de Galicia.
- Garantir unha programación de divulgación científico-técnica en galego nos medios públicos de comunicación.

51

### Universidades

- Planificar e deseñar os obxectivos de mellora da presenza do galego nas actividades de investigación.
- Prestarlle asesoramento terminolóxico e formación ao profesorado.
- Coordinar os servizos de organización académica e investigación cos SNL para obter datos, fixar criterios e valorar os resultados.
- Garantir a presenza do galego na actividade de Feuga e os servizos de emprendemento das universidades.
- Organizar actividades de divulgación científica.

